

ÍNDICE

| | |
|--|----|
| 1. Introducción | 2 |
| 2. Contextualización..... | 2 |
| 3. Obxectivos xerais de Educación Primaria. | 2 |
| 4. Obxectivos da materia de música..... | 3 |
| 5. Competencias clave..... | 4 |
| 6. Contidos..... | 7 |
| 7. Metodoloxía | 9 |
| 8. Recursos..... | 11 |
| 9. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. | 11 |
| 10. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación..... | 20 |
| 11. Mínimos esixibles. | 20 |
| 12. Atención á diversidade | 21 |
| 13. Contribución da materia aos plans e proxectos de centro .. | 21 |
| 14. Secuenciación e temporalización | 23 |

1. Introducción

A presente programación atópase fundamentada no marco legal vixente, respectando todo o establecido nel.

O noso sistema educativo réxese pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa.

Os contidos a impartir fanse de obrigado cumprimento a través do Real Decreto 126/2014 do 28 de febreiro polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria e que se articula para a nosa comunidade no Decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (LOMCE).

2. Contextualización.

O CEIP de A Virxe do Portal está situado no concello de Sobrado dos Monxes. É de liña un. En total hai dous grupos de Educación Infantil, un onde se integran os alumnos/as de 3 e 4 anos (12 alumnos) e outro os alumnos alumnos de 4 e 5 anos (9 alumnas/os); e tres grupos de Educación Primaria: o primeiro onde está o alumnado de 1º e 2º curso (7 alumnas/os), o segundo grupo de 3º e 4º curso (15 alumnas/os), e o terceiro de 5º e 6º curso (8 alumnas/os).

3. Obxectivos xerais de Educación Primaria.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, si houbela, a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.

g)Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h)Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i)Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran. j)Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k)Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l)Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m)Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n)Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

4. Obxectivos da materia de música.

2º EP.

1. Discriminar os parámetros do son en audicións de sons do ámbito.
2. Identificar e describir o son das distintas voces e instrumentos.
3. Vocalizar, respirar e articular correctamente nas interpretacións vocais.
4. Utilizar a voz como medio de expresión.
5. Explorar as calidades sonoras de instrumentos de pequena percusión e de instrumentos de láminas.
6. Discriminar a duración, figuras musicais, notas, acentos e silencios na interpretación de partituras.
7. Gozar coa música e todo o que a rodea nas interpretacións musicais.
8. Utilizar o corpo como instrumento adecuando os seus movementos ao ritmo, ao espazo e á coordinación.

4º EP

1. Diferenciar distintos tipos de agrupacións musicais.
2. Discriminar o timbre de distintos tipos de instrumentos.
3. Identificar a estrutura interna das cancións.

4. Usar o canto como medio de disfrute respetando ós demais.
5. Clasificar os instrumentos musicais en función das súas características.
6. Saber interpretar o contido de unha partitura.
7. Investigar sobre a historia da música.
8. Utilizar a frauta para expresarse musicalmente cuidando a respiración.
9. Expresar música a través do corpo.
10. Utilizar a danza como medio de expresión.

6º EP

1. Recoñecer as posibilidades dos instrumentos acústicos e electrónicos na audición.
2. Ser crítico na escoita activa.
3. Coñecer a grafía musical e verbalizar sobre o seu uso.
4. Valorar o patrimonio musical doutras culturas.
5. Crear instrumentos musicais de construción propia a partir do coñecemento dos instrumentos reais.
6. Respetar e colaborar cos demais nas actividades de canto.
7. Descifrar a linguaxe musical dunha partitura na interpretación musical
8. Desenvolver a danza a partir de músicas actuais.
9. Recoñecer diferentes xéneros e estilos de danza.

5. Competencias clave

Na materia de Educación Musical incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nas máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

O desenvolvemento desta competencia permítenos entender, coñecer e investigar, a través de diferentes códigos todo o referente ao coñecemento artístico, de forma máis concreta, o coñecemento musical. Así mesmo, a tecnoloxía permitirá desenvolver a capacidade do alumnado para afondar no coñecemento da linguaxe artística.

Traballaremos fundamentalmente:

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.

- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

Esta competencia permitiranos dotar de ferramentas o alumnado para que poidan acceder ao coñecemento do mundo da música e da danza. As ferramentas posibilitarán que se inicien na expresión e a comunicación a todos os niveis. A comprensión, a percepción... serán habilidades que irán adquirindo a medida que o desenvolvemento da súa linguaxe vaia crecendo. Traballaremos fundamentalmente:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

Esta competencia permitiranos dotar de ferramentas o alumnado para que cree as súas propias producións nas súas múltiples facetas favorecendo o coñecemento de diferentes manifestacións culturais nos diferentes planos da música e a danza. Na materia de Música:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia permitirá ao alumnado gozar e enriquecerse de expresións no mundo artístico e cultural da música e a danza que poida achegar o seu ámbito e mesmo outras culturas. Levaranos a valorar as creacións artísticas propias e as doutros. Traballaremos fundamentalmente:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A materia de Música permitiranos facer confluír diversos aspectos como o diálogo, a participación, o respecto, a riqueza da diversidade, a convivencia que favorezan diferentes realidades presentes na nosa sociedade. Traballaremos fundamentalmente:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A materia de Música comporta unha actitude positiva que presupón flexibilidade e oportunidade; por iso, esta competencia fomentará unha vertente máis social que implica desenvolver habilidades e actitudes relacionadas co liderado de proxectos que comportan confianza nun mesmo, empatía, habilidades de diálogo e cooperación, organización de tempos e tarefas... para alcanzar todo aquilo que se propoñan. Neste caso traballaremos na área de música o seguinte:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupales a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender

Esta competencia dentro desta área permitiranos a posibilidade de iniciar o alumnado na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de forma cada vez máis eficaz e autónoma de acordo aos obxectivos propostos e ás necesidades que se teñan. A área de Música vainos levar a planificar, secuenciar, avaliar... tanto en proxectos de forma individual coma de forma colectiva. Centraremos en:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos

6. Contidos

A continuación recollo os contidos propios de cada curso que se traballarán ao longo do curso académico.

2º EP

Bloque 1: escoita.

- Discriminación de sons: son e silencio.
- Sons do ámbito próximo (casa e colexio).
- Posibilidades sonoras dos obxectos.
- Formas musicais: ostinato e rondó, lied, pregunta e resposta, eco.
- Os parámetros do son: percepción sensorial.
- O timbre, a intensidade, a altura e a duración nos sons do ámbito.
- A música como linguaxe infantil: xogos populares.

Bloque 2: Interpretación musical.

- Técnica vocal: articulación, vocalización e respiración.
- Exploración dos recursos da voz: encadeados rítmicos
- A canción con acompañamentos rítmicos en ostinato.
- Canción con forma de estrofa e retrouso: rondó•
- Posibilidades sonoras dos instrumentos de percusión corporal.

- Clasificación dos instrumentos: corda, vento, percusión.
- Instrumentos de percusión afinada: xilófono, metalófono e carillón.
- Graffías non convencionais e introdución ás convencionais: compás (binario e ternario), duración (redonda, branca, negra), escala, nota (*sol, mi*), silencio.

Bloque 3: A música, o movemento e a danza.

- Control do corpo: movemento, repouso, respiración e desprazamento polo espazo.
- O movemento corporal adecuado ao ritmo e á forma da música.
- A canción infantil con xestos.
- Creación, improvisación e repertorio de danzas sinxelas.
- Coreografía en parellas e con acompañamento instrumental.

4º EP

Bloque 1: escoita

- As agrupacións musicais: solista, dúo, trío, coro.
- Instrumentos da orquestra e do folclore.
- Dinámica estrutural de cancións e fragmentos musicais de distintos estilos, culturas e tempos.

Bloque 2: Interpretación e creación musical.

- A coordinación individual e colectiva na interpretación vogal: simultaneidade, sucesión e alternancia.
- Canons a tres voces.
- Clasificación dos instrumentos musicais por familias: cordas (fretadas, golpeadas e punteadas); vento (sopro humano e sopro mecánico); electrónicos, percusión (son indeterminado e son determinado).
- Elementos da música: ritmo, melodía, timbre, tempo, dinámica e carácter.
- Profesións relacionadas coa música.

Bloque 3: A música, o movemento e a danza.

- Precisión rítmica e dinámica
- Secuencia, redución, canon a tres, lied e rondó.
- Danzas populares.

6º EP

Bloque 1: escoita.

- Música contemporánea: instrumentos acústicos e electrónicos.
- Agrupacións instrumentais.
- A música en diferentes contextos: gravacións, concertos, videoclips, cine, debuxos animados, internet...

Bloque 2: Interpretación musical.

- Elementos musicais.
- Terminoloxía básica.
- Producións musicais nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Creación de instrumentos musicais.
- A canción contemporánea.
- Linguaxe musical: signos de prolongación (caldeirón, punto e ligadura).
- Silencios de complemento e de preparación.
- Células rítmicas (dobre corchea e corchea).
- Alteracións propias (sostido, bemol, becuadro) e accidentais.
- Notas a contratempo e grupos de valoración especial.
- Figuras musicais: a síncope.

Bloque 3: A música, o movemento e a danza

- A coreografía no baile moderno.
- Clasificación dos diferentes xéneros e estilos de danza.
- Elementos básicos dunha danza: movemento, ritmo, expresión corporal, espazo e estilo.

7. Metodoloxía

As manifestacións artísticas son achegas inherentes ao desenvolvemento da humanidade: non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se considere a presenza da arte en todas as súas posibilidades.

Ao igual que acontece con outras linguaxes, o ser humano utiliza tanto a linguaxe plástica coma o musical para comunicarse co resto de seres; neste caso, incidimos na linguaxe musical como ferramenta para poder expresar as vivencias, os sentimentos, todo aquilo que acontece dentro dun mesmo coa oportunidade de poder contalo a outros.

Dende esta perspectiva, entender, coñecer e investigar, desde idades temperás, os fundamentos da devandita linguaxe van permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento sinxelo musical facilitará o desfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo este.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta materia, os alumnos poderán desenvolver diferentes habilidades para a interpretación musical podendo á vez comprobar a capacidade expresiva e creativa desde o coñecemento e a práctica da danza.

Os contidos da área de Música están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Ao longo do curso serán levadas a cabo distintas actividades para os distintos contidos que se traballan nas unidades.

Estas actividades referiranse a:

A escoita: postura cómoda, en silencio, non interromper. Despois, faranse dúas audicións: a primeira, global, será receptiva, e a segunda, analítica, levará implícita a actividade do alumno. As fichas de audiopercepción pódense agrupar en tres apartados ben definidos:

a) Conto activo: desenvolver a escoita activa, a través da imitación de sons e a expresión corporal.

b) Discriminación auditiva. Tratan de recoñecer as características básicas do son en canto a duración, intensidade, altura e timbre.

c) Audicións. Preséntanse a través de musicogramas que ilustran, en recuadros de diferentes tamaños, segundo o fragmento ao que correspondan, un pequeno conto. A audición de cancións será o punto de partida dos alumnos para o recoñecemento dos diferentes aspectos musicais.

Linguaxe musical : con experiencias lúdicas, motivadoras e, sobre todo, cunha secuenciación gradual na súa dificultade. Apoiámonos na linguaxe oral e o movemento, o que fará que o alumnado se exprese con maior naturalidade. Ensínase a ler e escribir música creando unha base sólida cuns símbolos fáciles e efectivos. Por iso adxudicamos os mesmos símbolos aos mesmos conceptos.

Expresión vocal e canto : trabállase a través do:

a) Conto activo. Permite practicar a técnica vocal mediante a percepción de sons e a súa produción simultánea a través de onomatopeyas, imitacións e xogos fónicos.

b) Recitados. Acompañan exercicios métrico-rítmicos e facilitan a interiorización da linguaxe oral en sentido musical.

c) Cancións. Compostas por esquemas rítmicos sinxelos e cun ámbito melódico de oitava adaptado á tesitura do alumno.

Exposición instrumental:

a) Instrumentos corporais. Os alumnos realizarán actividades de expresión rítmica con distintos instrumentos do corpo.

b) Instrumentos de pequena percusión. Os alumnos manipularanos e producirán sons con eles, observarán a súa forma e os materiais que producen o son ao ser golpeados, o timbre, etc. Para finalizar agruparanse nas distintas familias: madeira, metal e parche.

Ritmo e movemento: O movemento pode axudar a entender, de forma práctica, conceptos como o pulso, o acento, a duración e altura dos sons con xestos, desprazamentos, movementos, roda, desfiles, sincronía de palmas por parellas, etc., traballando coa percusión de altura indeterminada.

8. Recursos

Os seguintes materiais de apoio axudarán a reforzar e ampliar o estudo dos contidos da materia de Música:

Recursos fotocopiados como partituras, musicogramas, fichas con ritmos, letras de cancións, actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.

Equipo de música con lector de CD audio e os CD audio.

Instrumentos de PAI e PAD, durante este curso non se utilizará a frauta debido ás medidas de prevención contra a Covid 19.

Os murais feitos na aula de linguaxe musical e instrumentos...

9. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que amosamos a continuación aparecen recollidos no Decreto 105/2014 do 4 de setembro. Debido á situación derivada da pandemia que estamos a vivir algúns destes criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe serán modificados xa que durante este curso 2021-2022 non utilizaremos a frauta como instrumento de aula tal e como recollo no apartado de recursos.

2º EP.

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--|--------------------|
| B1.1. Explorar, escuchar y describir calidades y características de materiales, objetos | EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. | CCEC CAA |
| | EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. | CCEC |
| | EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. | CCEC |
| | EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas | CCEC CD |
| | EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís. | CCEC |
| B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa. | EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. | CSC |
| B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría. | EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras. | CCEC CAA |
| | EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos. | CSC CCEC CAA |
| B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado. | EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. | CCL CCEC |
| | EMB1.4.2. Emprega vocabulario | CCL |

| | | |
|--|---|---------------|
| | básico musical adaptado ao seu nivel. | CCEC |
| | EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais | CSC |
| B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter). | EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas | CCEC CAA |
| | EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. | CCEC |
| | EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. | CD CCEC |
| B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais. | EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias. | CCEC |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | | |
| B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son. | EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. | CMCCT CCEC |
| | EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. | CSC CAA |
| ▪ B2.2. Coñecer e manexar a fruta doce e algún instrumento de aula. | EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa fruta | CCEC CAA |

| | | |
|--|---|----------------------|
| | e dos instrumentos da aula. | |
| B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. | EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. | CCEC CSC |
| | EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada. | CCEC CAA |
| | EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración. | CAA |
| | EM2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. | CCEC CMCCT |
| B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. | EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. | CCEC CMCCT |
| | EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos. | CCEC |
| | EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol. | CCEC CAA CMCCT |
| | EMB2.4.4. Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía | CCEC CAA |
| | EMB2.4.5. Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonoriza, situacións, relatos breves | CCEC CAA |

| | | |
|---|---|-------------|
| | e imaxes, con identificación da súa grafía. | |
| BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA | | |
| B3.1. Realizar pequenas coreografías. | EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. | CCEC CSC |
| | EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas. | CSC |
| B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. | EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros. | CCEC |
| | EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. | CCEC |
| | EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. | CCEC |

4º EP

| Craterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--|--------------------|
| BLOQUE 1. ESCOITA | | |
| ▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas. | ▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. | ▪ CCL ▪ CCEC |
| | ▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. | ▪ CCL ▪ CCEC |

| | | |
|---|---|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.4.3. Procura información, organízala e preséntala sobre a música e os instrumentos doutras culturas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CD |

6º EP.

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|----------------------------|
| BLOQUE 1. ESCOITA | | |
| ▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias. | ▪ EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso. | ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA |
| ▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | ▪ EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. | ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL |
| | ▪ EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias. | ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CCEC |
| ▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións. | ▪ EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | ▪ CSC ▪ CCEC |
| | ▪ EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais. | ▪ CSC ▪ CCEC |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--|--|
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|
| como a persoa que asuma a dirección. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, reconece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CD |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CCL |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC |
| BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|-------------------------|---|---|
| interacción social. | <ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal. | <ul style="list-style-type: none"> CAA CCEC |
| | <ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, reconece os erros e amosa interese por mellorar o produto. | <ul style="list-style-type: none"> CAA |
| | <ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. | <ul style="list-style-type: none"> CAA CSC |
| | <ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. | <ul style="list-style-type: none"> CSC |

10. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

Os instrumentos de avaliación utilizados serán:

- Listas de control.
- Rúbricas
- Escalas de observación
- Diario de clase

Os criterios de cualificación para cada curso son os amosados a continuación:

| | | |
|------------------|-----------------------|-----|
| Traballo de aula | Práctica instrumental | 20% |
| | Traballo de aula | 40% |
| Actitude | | 40% |

CRITERIOS PUNTUACIÓN. Sempre se poñerá nota numérica. Tendencia á aproximación (redondeo) por exceso. Partindo de que as cualificacións van de 1 a 10 (é dicir, número enteiro), establécese: NA NOTA GLOBAL o redondeo por aproximación á cualificación enteira inmediata superior (en caso de que a nota con decimais supere 0,50).

11. Mínimos esixibles.

Son aqueles obxectivos mínimos e imprescindibles que o alumno/a debe acadar para obter éxito no ciclo ou etapa seguintes.

No 2º curso, na materia de Música, os mínimos que se establecen son:

- Participar de forma activa nas dinámicas da aula.
- Recoñecer as calidades do son.
- Imitar fórmulas rítmicas.

No 4º curso, na materia de Música, os mínimos esixibles son:

- Familias de instrumentos.
- Recoñece as figuras e silencios e a súa duración.
- Interpreta vocal e instrumental de pezas traballadas na aula.

No 6º curso, na materia de Música, os obxectivos mínimos son:

- Recoñece os instrumentos aerófonos, idiófonos, membranófonos e cordófonos.
- Recoñece os tipos de voces
- Participación activa e respetuosa nas dinámicas da aula.

12. Atención á diversidade

Adoptaránse todas aquelas medidas que favorezan o desenvolvemento do alumnado e a súa integración sempre en coordinación co Departamento de Orientación do Centro e a especialistas de A.L..

Para aqueles alumnos con problemas na súa aprendizaxe formularemos as actividades de reforzo de xeito individualizado, partindo dos seus coñecementos previos e respectando o ritmo de cada un. Elaboraránse fichas de reforzo e/ou ampliación para o alumnado que presente dificultades ou que polo seu ritmo de traballo o requiran, facendo fincapé nas técnicas instrumentais (lectura e escritura).

No que se refire á atención ao alumnado con NEAE, estaremos en contacto permanente co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requeridos e o seguimento da evolución deste alumnado.

13. Contribución da materia aos plans e proxectos de centro

Os plans e proxectos de centro son documentos vivos que recollen unha serie de estratexias das que o profesorado se serve para conseguir que o alumnado sexa máis competente, comprenda os coñecementos, investigue sobre eles e lle proporcione, como resultado, a capacidade de transmitir e comunicar o aprendido. De seguido explícanse brevemente en que consiste cada plan e as medidas concretas que adoptaremos na nosa programación para contribuír a cada un deles.

- **Plan TIC:** O uso das novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación supón un cambio revolucionario no modo de entender a ensinanza no seu conxunto e na maneira en que interactúan no medio. O uso das TIC nas aulas ofrece vantaxes tanto no ámbito

do alumno como do docente. O alumnado pasa a xogar un papel moito máis activo, pois o proceso de aprendizaxe xa non só é recepción, senón tamén acción, apréndese “facendo”. Por este motivo, dende a materia de Educación Musical contribuiremos ao plan Tic a través da procura de información na web por medio de traballo na aula de informática, ademais de usar diferentes páxinas web para realizar actividades de apoio aos contidos tratados.

- **Proxecto lector de centro:** A LOMCE fai énfase na importancia de fomentar a lectura dende as aulas e en todas as etapas educativas, por iso traballamos co Proxecto Lector de centro. Dende a materia de Educación Musical contribuiremos a partir dos diferentes tipos de textos presentes nas cancións, o estudo de trabalinguas e poesías interpretadas con ou sen ritmo e tamén se utilizará a linguaxe nas fichas de traballo, contos sonoros...
- **Plan de convivencia:** inclúe todas as medidas que o centro recolle para o fomento da convivencia pacífica, a tolerancia e a prevención de conflitos no centro e nas aulas, tanto entre iguais como cos demais membros da comunidade educativa. A partir das actividades realizadas na materia de música queremos reforzar a autoestima e o autoconcepto de todo o alumnado, traballar en grupo e recoñecer o rol de cada un nas diferentes actividades.
- **Proxecto lingüístico:** trátase dun documento que serve para fomentar o correcto uso do galego no centro a todos os niveis, tal e como se indica no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia*. A achega a este proxecto dende a nosa programación límitase a enriquecer e fomentar o uso da lingua galega corrixindo ao alumnado que se exprese mal, de maneira equivocada, sempre en positivo. Tamén mediante a expresión na aula, cando explicamos e realizan os exercicios oralmente.

14. Secuenciación e temporalización

2ª de Educación Primaria

PRIMEIRO TRIMESTRE

| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | |
|---|---|--|--|----------------------------|
| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
| <ul style="list-style-type: none"> Figuras musicais e as súas partes: negra, corchea e parella de corcheas. A nota SOL no pentagrama. Repetición (A-A) e contraste (A-B). Discriminación de determinados contrastes dos sons: lento-normal-rápido, forte e suave. Recoñecemento das calidades do son: compás e compás de dous tempos. Recoñecemento de instrumentos de percusión de láminas: xilófono, metalófono e carillón. | <p>B1-1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.</p> | <p>B1-1.1. Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons do contorno natural e social.</p> | <ul style="list-style-type: none"> Recoñece calidades do son (forte-suave; lento-normal-rápido) e identifícaas na audición de instrumentos musicais (pandeiro, maracas, triángulo, etc.). Define os termos de compás e compás de dous tempos, explica cómo se representan e identifícaos nun pentagrama. Describe e discrimina auditivamente o son (ascendente ou descendente) que posúen os instrumentos | <p>CMCT CL CSC</p> |

| | | | | |
|--|--|---|--|---------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> • Identificación de sons ascendentes e descendentes. • Audición activa de pezas musicais con musicogramas. • Audición de obras de música clásica: <i>O reloxo sincopado</i>, L. Anderson e <i>Nun mercado persa</i>, A. W. Ketelbey. • Audición activa de cancións: <i>O xogo dos instrumentos e Chocolé</i>, M.A. de la Ossa; <i>A fonte</i>, popular; <i>Son a nota SOL</i>, M.A. de la Ossa; <i>Fragmento de Jazz legato</i>, L. Anderson e <i>Vinde ver o neno</i>, popular. • Audición do conto-canción: <i>O equipo musical</i>, M. Larumbe • Respecto polas normas básicas ante a escoita de pezas musicais e/ou fragmentos de contos. | <p>B1-2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</p> | <p>B1-2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade trala escoita de obras musicais, sendo quen de emitir unha valoración destas.</p> | <p>de percusión de láminas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Diferenza os matices de duración do son que indica cada figura: negra e corchea, e especifica as partes das que estas están compostas. | <p>CL AA IE CEC</p> |
| | <p>B1-2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece diferentes obras musicais e mostra interese por escoitar obras de distinto xénero como: música clásica, audio-contos, <i>jazz</i>... | <p>IE CEC</p> | |

BLOQUE 2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
|---|--|--|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • A interpretación vocal. • Sonorización dun conto. • Acompañamento con percusión corporal, escolar, vocal e instrumental. • Interpretación de melodías con varios instrumentos e, especificamente, con instrumentos de láminas. • Construción de instrumentos: tamboril. • Creación de acompañamentos rítmicos. • Interpretación de musicogramas sinxelos. • Exploración das posibilidades sonoras dos materiais: construción dun tamboril. • Ten interese e motivación por ampliar o seu vocabulario e coñecementos musicais. | <p>B2-2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas dos demais como a persoa que asume a</p> | <p>B2-2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, de diferentes rexistros da voz e das agrupacións vocais e instrumentais.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e identifica instrumentos musicais e mostra interese por coñecer as súas posibilidades sonoras e as doutro tipo de obxectos (caseiros e prefabricados). | <p style="text-align: center;">CMCT IE</p> |

| | | | |
|------------|--|--|-----------------|
| dirección. | | | |
| | B2-2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | <ul style="list-style-type: none"> Identifica, le e comprende elementos básicos da linguaxe musical e as figuras que os representan (pentagrama, notas musicais, silencios...). | AA CSC |
| | B2-2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | <ul style="list-style-type: none"> Traduce e interpreta a linguaxe musical para reproducir melodías e ritmos sinxelos utilizando varios instrumentos. | CSC IE AA |
| | B2-2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento. | <ul style="list-style-type: none"> Interpreta vocalmente cancións e melodías e acompaña pezas musicais coa voz e con instrumentos. | CSC CEC |

BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
|--|--|---|--|--------------|
| <ul style="list-style-type: none"> Movemento e danza. Representación dramática e plástica dunha historia sonora. | B3-1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que | B3-1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de | <ul style="list-style-type: none"> Identifica e explora o seu propio corpo como medio para expresar e dramatizar unha | CEC IE |

| | | | | |
|---|--|--|---|-----------|
| <ul style="list-style-type: none"> • Exploración do corpo e as súas posibilidades sonoras. • Representación imaxinativa dunha audición. • <i>Nun mercado persa</i>, A. W. Ketelbey. • <i>Jazz legato</i>, L. Anderson. • Valoración das posibilidades expresivas que posúe o corpo humano. | ofrecen a expresión corporal e a danza valorando a súa contribución ao patrimonio e gozando da súa interpretación como unha forma de interacción social. | interacción social. | escena. | |
| | | B3-1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | <ul style="list-style-type: none"> • Representa de maneira imaxinativa unha audición de <i>jazz</i>, adquirindo un control progresivamente maior dos seus movementos e apreciando o valor expresivo que se proxecta ao bailar. | CEC IE |

SEGUNDO TRIMESTRE

| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | |
|--|--|--|---|--------------|
| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
| <ul style="list-style-type: none"> • O tempo: <i>adagio</i>, <i>andante</i> e <i>allegro</i>. | B1-1. Utilizar a escoita musical para indagar nas | B1-1.1. Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as | <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece calidades dos sons relacionadas co | CSC CEC |

| | | | | |
|--|--|---|---|---------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> • Intensidade: <i>forte</i> e <i>piano</i>. • A nota MI no pentagrama. • A nota LA no pentagrama. • escoita e discriminación auditiva de instrumentos de corda, de vento e os tradicionais: o rabel. | <p>posibilidades do son de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.</p> | <p>calidades dos sons do contorno natural e social.</p> | <p>tempo e a intensidade; Emprega a terminoloxía que lle corresponde: <i>adagio</i>, <i>andante</i>, <i>allegro</i>, <i>forte</i> e <i>piano</i>.</p> | <p>CMCT</p> |
| <ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento das calidades do son: tempo e intensidade. • Discriminación de voces e os seus tipos. • Identificación de compases de tres tempos en melodías. • Audición activa de pezas musicais con musicogramas. • Audición de obras de música clásica: <i>Na cova do rei da montaña de Peer Gynt</i>, E. Grieg; Fragmento de <i>O Danubio azul</i>, J. Strauss. • Audición activa de cancións: <i>A nota cantareira</i> e <i>Os oficios</i> de M.A. de la Ossa; <i>Badabadá</i>, popular; <i>Cando toco o trombón</i>, popular; <i>Sol, mi, la</i> de M. | <p>B1-2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</p> | <p>B1-2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade trala escoita de obras musicais, sendo quen de emitir unha valoración destas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Distingue tipos de voces e identifica as súas posibilidades expresivas. • Recoñece matices e identifica o compás de tres tempos nalgúns melodías. • Recoñece e identifica o son de instrumentos de corda. • Recoñece e identifica o son de instrumentos de vento que aparecen nunha canción. | <p>AA CSC CEC</p> |

| | | | | |
|---|--|--|--|-------------------|
| <p>Larumbe.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Audición de contos: <i>A familia da Corda; Unha pulga e un león.</i> • Respecto e atención durante a audición de música. | | | | |
| | | <p>B1-2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Interésase por escoitar e analizar obras musicais de distinta índole e os audiocontos. | <p>CEC AA</p> |

BLOQUE 2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
|---|---|--|---|-------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> • A voz e as súas posibilidades expresivas. • Sonorización dun conto. • Sonorización dunha historia con recursos vocais. • Interpretación vocal. • Creación de partituras sinxelas. • Interpretación de melodías con instrumentos de | <p>B2-1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.</p> | <p>B2-1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas e recreaas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece diferentes voces e esfórzase por entoar cando canta de forma individual ou en grupo. | <p>CSC IE</p> |

| | | | | |
|--|--|---|---|--------------------------|
| <p>láminas, madeira e vento.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Interpretación de ditados melódicos. • Exploración do corpo, os recursos vocais e as súas posibilidades sonoras. • Interpretación de rimas e retrousos seguindo un musicograma non convencional. • Invención de ritmos seguindo as indicacións de intensidade. • Imitación de sons e voces. • Creación e interpretación de ritmos. • Mostra interese por ampliar o seu coñecemento e vocabulario relacionado coa materia. | <p>B2-2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas dos demais como a persoa que asume a dirección.</p> | <p>B2-2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, de diferentes rexistros da voz e das agrupacións vocais e instrumentais.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e identifica varios instrumentos musicais e mostra interese por coñecer as súas posibilidades sonoras interpretando melodías con eles. | <p>CEC AA</p> |
| | | <p>B2-2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Le, comprende e interpreta elementos básicos da linguaxe musical (figuras, silencios...) e identifica as notas MI e LA no pentagrama. • Interpreta rimas e retrousos apoiándose en partituras non convencionais. | <p>CL AA CEC</p> |
| | | <p>B2-2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Interpreta cancións e melodías en grupo e en unísono e acompaña pezas musicais coa voz e con instrumentos, prestándolle atención á integración da súa interpretación coa do | <p>CSC CEC</p> |

grupo.

BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
|---|--|--|---|---------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> • Expresión corporal libre. • Exploración do corpo e das súas posibilidades sonoras. • Baile dun valse seguindo un compás de tres tempos. • Acompañamento de ritmos con percusión corporal, escolar e instrumental. • Imitación de movementos. • <i>Badabadá</i>, popular. • <i>O Danubio azul</i>, J. Strauss. • Esfórzase por controlar o seu corpo ao bailar e mellorar a postura | <p>B3-1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza valorando a súa contribución ao patrimonio e gozando da súa interpretación como unha forma de interacción social.</p> | <p>B3-1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Explora as posibilidades sonoras da voz e do corpo imitando sons e movementos. • Representa a través do corpo a altura do son. | <p>CEC IE</p> |
| | | <p>B3-1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Interpreta danzas, adquirindo un control progresivamente maior dos seus movementos. | <p>CSC IE CEC</p> |

TERCEIRO TRIMESTRE

| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | |
|---|---|---|---|--------------------|
| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
| <ul style="list-style-type: none"> • Forma musical pregunta-resposta. • Repaso das notas LA, SOL e MI no pentagrama e outras figuras musicais. • Discriminación de sons do contorno: paisaxes sonoras. • Representación non convencional da música. • Identificación e recoñecemento de varias calidades do son. • Recoñecemento e discriminación auditiva de instrumentos segundo a familia á que pertencen. • escoita activa dunha pequena historia da | <p>B1-1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.</p> | <p>B1-1.1. Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons do contorno natural e social.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Identifica e recoñece diferentes sons presentes na natureza (paisaxes sonoras). | <p>CEC AA</p> |
| | <p>B1-2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</p> | <p>B1-2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade trala escoita de obras musicais, sendo quen de emitir unha valoración destas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece matices de tempo (<i>adagio</i> e <i>allegro</i>) e describe as posibilidades sonoras dos obxectos con vocabulario progresivamente máis preciso. | <p>CSC CEC</p> |

música.

- Identificación da estrutura dunha peza musical.
- Audición activa de pezas musicais con musicogramas.
- Audición de obras de música clásica: *A natureza soa, As catro estacións*, A. Vivaldi; *Danza dos mirlitóns*, P. I. Chaikovski; Fragmentos de música clásica.
- Audición activa de cancións: *O pardal e a serpente*, M. A. de la Ossa; *Comellón, comellán*, popular; *De corda, vento ou percusión*, M. Larumbe; *Peteiroume un pitiño!*, M.A. de la Ossa; *Eu son un artista*, popular.
- Audición do conto: *A natureza soa, As catro estacións*, A. Vivaldi.


| | | | | |
|--|--|--|---|---------------------------|
| | | <p>B1-2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Mostra interese por escoitar con atención unha breve historia da música na que se narran datos significativos de varios autores célebres. • Segue unha audición en musicogramas non convencionais. | <p>CSC AA CEC</p> |
|--|--|--|---|---------------------------|

| BLOQUE 2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL | | | | |
|---|--|--|---|--------------------------|
| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
| <ul style="list-style-type: none"> • A voz e as súas posibilidades expresivas. • O diálogo musical. • Interpretación vocal. • Interpretación dun pentagrama para determinar as notas que aparecen. • Acompañamento de ritmos con percusión corporal, escolar e | <p>B2-2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as</p> | <p>B2-2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, de diferentes rexistros da voz e das agrupacións vocais e instrumentais.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Distingue o son de distintos tipos de instrumentos e clasifícalos segundo a familia a que pertencen. • Acompaña unha canción cunha chapariña fabricada de forma autónoma e descobre as súas posibilidades sonoras. | <p>CSC IE AA</p> |

instrumental.

- Sonorización de secuencias de imaxes.
- Creación e interpretación de acompañamentos rítmicos.
- Interpretación das preguntas e respostas musicais.
- Identificación de instrumentos: corda, vento ou percusión e a interpretación das súas melodías.
- Construción dun instrumento con materiais reciclados: a chapariña.
- Creación e interpretación de respostas rítmicas a preguntas melódicas.
- Reprodución dunha partitura interpretando uns códigos.
- Interpretación de figuras, graffías, notas e obras musicais.

achegas dos demais como a persoa que asume a dirección.



| | | | | |
|---|--|---|--|----------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> Mostra interese por descubrir as posibilidades sonoras do seu corpo e por lle tirar o máximo partido. | | | | |
| | | <p>B2-2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.</p> | <ul style="list-style-type: none"> Le e comprende elementos básicos da linguaxe musical (figuras, silencios...); e apóiase en partituras non convencionais para acompañar pezas musicais e para interpretar pezas vocais e instrumentais. | <p>CMCT IE CEC</p> |
| | | <p>B2-2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento.</p> | <ul style="list-style-type: none"> Interpreta cancións e melodías en grupo en unísono e acompaña pezas musicais coa voz e con instrumentos, prestando atención á integración da súa interpretación coa do grupo. | <p>CMCT CL</p> |

BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
|---|--|--|---|-------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> • O corpo e as súas posibilidades sonoras. • Invención de movementos para representar a música. • Creación de pequenas coreografías en grupo. • Dramatización e sonorización dunha historia: <i>Peteiroume un pitiño!</i> • <i>Danza dos mirlitóns</i> de <i>O crebanoces</i>, P. I. Chaikovski. • Mostra iniciativa e valora a creatividade cando leva a cabo as súas actuacións. | <p>B3-1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza valorando a súa contribución ao patrimonio e gozando da súa interpretación como unha forma de interacción social.</p> | <p>B3-1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Identifica e explora o seu propio corpo como medio para a expresión, a dramatización e a interpretación dunha historia. | <p>CSC CL</p> |

| | | | | |
|--|--|--|---|---------------------------|
| | | <p>B3-1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Interpreta danzas, adquirindo un control progresivamente maior dos seus movementos. | <p>CSC CEC</p> |
| | | <p>B3-1.5. Inventa coreografías que se corresponden coa forma interna dunha obra musical e levan unha orde espacial e temporal.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Inventa e debuxa movementos que representen as preguntas e respostas dun diálogo musical. • Inventa unha coreografía sinxela baseada na música da <i>Danza dos mirlitóns</i> de O <i>crebanoces</i> e báilaa xunto cos seus compañeiros e compañeiras. | <p>CEC CSC IE</p> |

4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
PRIMEIRO TRIMESTRE

| BLOQUE 1 ESCOITA | | | | |
|---|---|---|--|---|
| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
| <ul style="list-style-type: none"> • Ritmo e melodía. • A forma rondó. • A nota DO en frauta e instrumentos de láminas. • A nota FA no pentagrama, frauta e instrumentos de láminas. • A música na Prehistoria e na Idade Media. • Diferenciación entre os instrumentos de altura determinada e indeterminada. • Discriminación auditiva dos reguladores de intensidade: crescendo e diminuendo e identificación dos seus símbolos. • Recoñecemento, descrición e identificación das calidades do son: intensidade, altura, timbre e duración. • Recoñecemento de instrumentos: caixa chinesa, crótalos. | <p>B1-1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.</p> | <p>B1-1.1. Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons do contorno natural e social.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e clasifica as calidades dos sons (altura, intensidade, duración e timbre) e identifícaos na audición de pezas musicais. • Recoñece calidades do son e identifícaas na audición de instrumentos musicais. • Define os termos de compás de dous, tres e catro tempos, explica como se representan e identifícaos coma se de un director de orquestra se tratase. | <p style="text-align: center;">CMCT CSC CL CD</p> |
| | <p>B1-2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</p> | <p>B1-2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade trala escoita de obras musicais, sendo quen de emitir unha valoración destas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Discrimina, describe e identifica os tipos de altura dos instrumentos de percusión (determinada e indeterminada). • Recoñece e identifica auditivamente os matices de intensidade da música (crescendo e diminuendo) e indica os | <p style="text-align: center;">CSC CD CL</p> |

| | | | | |
|---|--|--|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Representación non convencional da música. • Identificación de compases de dous, tres e catro tempos. • Discriminación auditiva dos instrumentos musicais que soan nunha panxoliña. • Audición activa de pezas musicais con musicogramas. • Audición de obras de música clásica: <i>Rondó da Suite para orquestra n.º 2</i>, J.S. Bach; <i>Sinfonía do Novo Mundo</i>, A. Dvorak. • Audición activa de cancións: <i>Na baía ten</i>, popular; <i>As calidades do son</i>, <i>O dó xa está aquí e Nesta tribo o feiticeiro</i>, M. A. de la Ossa; <i>Bugler's Holiday</i>, L. Anderson; <i>Unha pouca roupiña</i>, popular. • Audición do conto-canción: <i>Soan notas, si ou non?</i> • Escoita activa, respectuosa e crítica das diferentes pezas musicais propostas e/ou fragmentos de contos. | | | <p>signos que os representan.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Describe as emocións e sentimentos que lle transmite a audición da obra: <i>A Sinfonía do Novo Mundo</i>. | |
|---|--|--|---|--|

BLOQUE 2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
|---|--|--|---|-------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> • Bach e Dvorak. • Sonorización dun conto. • Interpretación de melodías con instrumentos de percusión escolar. • Acompañamento con obxectos sonoros. • Interpretación dunha melodía para determinar a súa velocidade. • Identificación e distinción entre melodía e base rítmica. • Creación de formas binarias e ternarias a partir duns ritmos dados. • Interpretación con frauta doce e instrumentos de láminas. • Interpretación de códigos para determinar a forma musical representada. • Improvisación de acompañamentos con percusión corporal. • Interpretación vocal e con instrumentos de melodías | <p>B2-2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas dos demais como a persoa que asume a dirección.</p> | <p>B2-2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, de diferentes rexistros da voz e das agrupacións vocais e instrumentais.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e identifica instrumentos musicais e mostra interese por coñecer as súas posibilidades sonoras (fruta e xilófono). | <p>CEC CD</p> |

seguindo as pautas de interpretación musical e marcando o acento.

- Interpretación dos elementos de linguaxe musical dalgunhas partituras.
- Descrición das sensacións que lle transmite a *Sinfonía do Novo mundo*.
- Respecto e seguimento das normas básicas sobre o coidado dos instrumentos.
- Curiosidade e interese por coñecer as formas musicais doutras épocas e as súas características.

| | | |
|--|---|------------------------------------|
| | | |
| B2-2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | <ul style="list-style-type: none"> • Identifica, le e comprende varios elementos da linguaxe musical e as figuras que os representan (pentagrama, notas musicais, silencios...). • Apóiase en partituras convencionais e non convencionais para acompañar pezas musicais e para interpretar pezas vocais e instrumentais. | <p>CSC CEC CD CMCT</p> |
| B2-2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | <ul style="list-style-type: none"> • Traduce e interpreta a linguaxe musical para reproducir melodías e ritmos sinxelos utilizando varios instrumentos. | <p>CMCT CL</p> |

| | | | | |
|--|--|--|---|------------|
| | | B2-2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento. | <ul style="list-style-type: none"> • Interpreta vocalmente cancións e melodías e acompaña pezas musicais coa voz e con instrumentos. | CEC IE |
| | | B2-2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, valorando a súa contribución ao enriquecemento persoal, social e cultural. | <ul style="list-style-type: none"> • Ten curiosidade por coñecer a historia da música doutras épocas: a prehistoria e a Idade Media e valora as contribucións que seguen vixentes actualmente. | CEC CSC |

| BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA | | | | |
|--|---|--|--|--------------|
| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
| <ul style="list-style-type: none"> • Movemento e danza. • Seguimento do compás da música mediante movementos: a danza da trompeta. • Descrición das sensacións que transmite a música. • Exploración do corpo e as súas posibilidades sonoras. • <i>Bugler's Holiday</i>, L. Anderson. • Interese por controlar progresivamente o seu corpo durante as | B3-1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza valorando a súa contribución ao patrimonio e gozando da súa interpretación como unha forma de interacción social. | B3-1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | <ul style="list-style-type: none"> • Mantén unha boa postura corporal e reflicte unha adecuada coordinación dos seus movementos ao representar en grupo unha danza. | CSC IE |

actividades de
movemento.

SEGUNDO TRIMESTRE

BLOQUE 1 ESCOITA

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
|--|---|--|---|--------------------|
| <ul style="list-style-type: none">• A redonda e o seu silencio.• A nota MI na fruta e instrumentos de láminas.• Repaso das notas: MI, FA, SOL, LA e DÓ en fruta.• Discriminación do son entre os instrumentos de vento madeira e de vento metal.• Representación non convencional da música e outras calidades do son.• Identificación e discriminación de instrumentos da orquestra: o órgano, a caixa e o shekeré.• escoita activa de danzas do mundo para determinar o país do que proveñen.• Audición de melodías e | B1-2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | B1-2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade trala escoita de obras musicais, sendo quen de emitir unha valoración destas. | <ul style="list-style-type: none">• Distingue os instrumentos que soan nunha melodía: <i>Bolero</i> de Ravel.• Distingue o son dos instrumentos de vento, diferenciando entre os de vento madeira e vento metal.• Recoñece e interpreta a nota MI na fruta e instrumentos de láminas. | CSC CMCT CEC |

| | | | | |
|--|--|--|--|-------------------|
| <p>selección do pentagrama que as representa.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento das calidades do son: o punto. | | | | |
| | | <p>B1-2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Interésase por escoitar e analizar obras musicais que forman parte da súa cultura popular. • Mostra curiosidade por coñecer a historia da música e identificar as características da música no Barroco e no Clasicismo. | <p>CEC CD</p> |

| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | | | | |
|---|---|--|---|-------------------|
| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
| <ul style="list-style-type: none"> • A música no Barroco e o Clasicismo: características. • Sonorización dun conto. • Interpretación vocal. • Acompañamento con fruta e asubíos. • Identificación de figuras musicais nun pentagrama. • Clasificación de instrumentos segundo a | <p>B2-2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas dos demais como a persoa que asume a</p> | <p>B2-2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, de diferentes rexistros da voz e das agrupacións vocais e instrumentais.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e identifica varios instrumentos musicais e mostra interese por coñecer as súas posibilidades sonoras interpretando melodías con eles. | <p>CEC AA</p> |

familia á que pertence.

- Acompañamento con fruta doce e efectos vocais.
- Interpretación de *ostinatos* rítmicos con percusión corporal seguindo un musicograma non convencional.
- Interpretación de melodías con instrumentos con fruta doce e instrumentos de láminas.
- Construción de instrumentos con materiais reciclados: o shekeré.
- Creación de *ostinatos* con instrumentos de láminas.
- Representación das calidades do son mediante símbolos.
- Procura e identificación de erros nun pentagrama.
- Definición e interpretación da ligadura nun pentagrama.
- Exploración do corpo, os recursos vocais e as súas posibilidades sonoras.
- Acompañamento de ritmos con percusión corporal, escolar e instrumental.
- Valoración dos

dirección.

| | | |
|--|--|--|
| | | |
|--|--|--|

| | | | | |
|---|---|--|--|----------------------------|
| <p>instrumentos creados con materiais reciclados e das súas posibilidades de son.</p> <p>Mostra interese por ampliar o seu coñecemento e vocabulario relacionado coa materia.</p> | | | | |
| | <p>B2-2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Le, comprende e interpreta elementos básicos da linguaxe musical (as figuras e os seus silencios correspondentes). • Interpreta rimas e retrosos apoiándose en partituras non convencionais. • Identifica e interpreta a figura musical da ligadura que aparece nos pentagramas. • Utiliza a linguaxe musical adecuada para referirse á prolongación do son: o punto. | | <p>CL CEC CMCT</p> |
| | <p>B2-2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Interpreta cancións e melodías acompañándose dun instrumento africano fabricado con materiais reciclados: o shekeré. | | <p>CSC CEC</p> |
| | <p>B2-2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, valorando a súa contribución ao enriquecemento persoal,</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Coñece e interpreta cancións de distintos lugares do mundo e distintas épocas da historia e valora o enriquecemento persoal, | | <p>CEC AA CD</p> |

social e cultural.

social e cultural que ofrecen.

BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
|---|---|---|---|-----------------|
| <ul style="list-style-type: none">• Coordinación, control corporal e lateralidade durante os seus bailes.• <i>A danza do príncipe</i>, popular.• Representación e dramatización das escenas dun cadro. <p>Interese por coñecer e bailar algunhas danzas do mundo e respecto pola cultura popular.</p> | B3-1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza valorando a súa contribución ao patrimonio e gozando da súa interpretación como unha forma de interacción social. | B3-1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social. | <ul style="list-style-type: none">• Explora as posibilidades do corpo acompañando melodías con percusións corporais e ostinatos rítmicos.• Dramatiza xunto cos seus compañeiros e compañeiras unhas escenas de cadros. | CEC AA |
| | | B3-1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | <ul style="list-style-type: none">• Interpreta danzas, adquirindo un control progresivamente maior dos seus movementos e unha lateralidade máis precisa. | CSC IE CD |

TERCEIRO TRIMESTRE

| BLOQUE 1 ESCOITA | | | | |
|--|--|---|--|-----------------------------|
| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
| <ul style="list-style-type: none"> • Forma musical eco e pregunta- resposta. • O carácter da música: velocidade e intensidade. • As notas DO e RE no pentagrama. • Discriminación e clasificación dos instrumentos de corda pulsada, fretada e percutida. • Representación non convencional da música. • Identificación de distintas agrupacións vocais en varios fragmentos: solista, dúo, escolanía, coro de cámara, etc. • Indicación da orde de audición segundo as melodías sexan ascendentes e descendentes. • escoita activa da historia da música no Romanticismo e o século XX. • Identificación e | <p>B1-2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</p> | <p>B1-2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade trala escoita de obras musicais, sendo quen de emitir unha valoración destas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Distingue os instrumentos de corda, vento e percusión que soan nunha melodía. • Distingue o son dos instrumentos de corda e clasifícaos segundo sexa de corda pulsada, fretada percutida. | <p>CSC CMCT CEC</p> |

| | | | | |
|--|--|--------------------------------------|---|------------|
